

A **PROGRAMACIÓN DE NOVIEMBRE** estará dispoñible o antes posible no Facebook e mais no Blog do Cineclube Pontevedra. Lembra que, a través do blog, podes subscribirte para recibir mensualmente a nosa programación e todas as novidades no teu correo electrónico.

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

O Cineclube Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo funcionamento e financiamento depende fundamentalmente das achegas económicas que realizan periodicamente as súas socias e socios, cara a quen están dirixidas as nosas actividades.

As persoas socias poden escoller entre tres tipos de cotas:

Anual (60 euros);

Trimestral (18 euros);

Prorrogada en cada sesión (2 euros).

Tanto a cota anual coma a trimestral poderase pagar en efectivo en calquera das nosas sesións, ou ben mediante domiciliación bancaria ou ingreso na nosa conta de Bankia: ES10-2038-4003-8260-0005-9732.

A cota prorrogada farase efectiva en cada sesión á que asistas e o seu aboamento darache dereito, coma no caso das cotas anuais e trimestrais, a que, en calidade de socia, utilices os materiais do cineclube e teñas voz e voto nas asembleas xerais.

No enderezo web <http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es/p/faite-socio.html> poderás atopar un formulario para facer os trámites sen saír da casa.



WENDY AND LUCY

Kelly Reichardt | 2008 | EE UU | 80 min. | VOSE

«Non me sinto parte da industria, mais si dunha comunidade de realizadoras e realizadores que se apoian mutuamente.»

Como chegou a convocar a Michelle Williams para o papel de Wendy? Michelle Williams e mais eu tiñamos amizades en común. Mesmo xa traballara co produtor, polo que foi doado facerlle chegar o guión. Contoume que algo que lle gustara da personaxe de Wendy foi que se sentía completamente invisible, ninguén notaba a súa presenza. Gustáballe esa idea porque sentía que se estaba poñendo de moda como actriz. Ao chegar ao set atopou un equipo moi pequeno de xente que, ademais, non a coñecía. Ela era simplemente unha moza agardando polo *motorhome* para facer a súa escena.

Como son os seus castings, que procura nas actrices e actores? A ninguén se lle paga polo seu traballo nos meus filmes. Tanto as actrices e actores coma o equipo técnico traballan voluntariamente. Dedícanlle dúas semanas do seu tempo ao proxecto. Por iso nunca puiden facer ensaios. Todas as persoas desempeñan moitos roles, por exemplo: un día vou ao Exército de Salvación para escoller vestiario e ao día seguinte comeza a rodaxe. Hai moito compromiso co proxecto. En *Old Joy*, as persoas que actúan son amizades miñas, coñecémonos de toda a vida, pero tiveron que coñecerse e converterse nenas amizades de toda a vida tamén no set. Procuo crear un espazo de intimidade para conseguilo. A meirande parte de actrices e actores teñen unha relación de anos comigo previa á rodaxe; é o caso de Will Patton, que interpreta o mecánico en *Wendy and Lucy*. El chámame unha vez ao ano para preguntarme en que ando e se teño algún proxecto no que poida participar. Ademais, as axencias de actrices e actores non morren por traballar comigo porque xa saben que non lles podo pagar ás persoas que representan.

Que lle achega o feito de ensinar cine ao seu traballo como directora? Ensinar é a miña maneira de aprender cine. Levo os temas que me preocupan á aula para discutilos co meu alumnado. A semana pasada estivemos tratando de averiguar xuntos como Sam Peckinpah filmou unha escena moi complicada de *The Wild Bunch*, na que uns cabalos rodan por unha montaña. Coido que usou varias cámaras, mais o que eu quero saber é onde estaban postas. Isto está vencellado co meu próximo proxecto, que vai ser un western¹.

Coida que a industria ten prexuízos de xénero con respecto ás directoras? Eu non son parte da industria do cinema, mais hai ben poucas mulleres facendo filmes dentro dela. Non hai unha versión feminina de directores coma Jim Jarmusch, Alexander Payne, Gus Van Sant ou Todd Haynes, directores que levan á escena as súas propias ideas.

Eu penso sempre na maneira de facer os meus filmes fóra da industria. Non trato de usar recursos que non estean ao meu alcance. Teño a sorte de pensar historias pequenas, con personaxes pequenas. Se non fose así, non sei como podería unha muller coma min contar as súas historias. Penso que para o tempo no que as miñas estudantes fagan cine, as cousas poden cambiar. Elas vanse apañar.

Como consegue o orzamento mínimo para facer os seus filmes? Houbo dez anos da miña vida, entre a primeira e a segunda longa —*River of Grass* e *Old Joy*—, nos que practicamente non puiden filmar porque non conseguía cartos. Pensei que nunca máis filmaría, pero apareceu unha tía miña que me deu 30 000 dólares. Díxome: «gástao nalgo sensato, non en filmar» (risos). O que faltaba dos cartos para rematar *Old Joy* achegouno Todd Haynes. *River of Grass* custou 30 000 dólares, comezámola a rodar con 19 000 e despois conseguimos o resto. *Old Joy* tivo un custo total de 80 000 dólares. Traballo con xente principiante, que ten moitas ganas de aprender e que dan toda a súa enerxía. Polo de agora, non podo formar un equipo técnico con xente experimentada, aínda que nun futuro si que me gustaría facelo.

Esas limitacións, restrinxen á hora de escribir un guión? A miña imaxinación é moi modesta. Gustaríame filmar agora un western de época, bastante minimalista. Á hora de pensar as escenas, penso en filmar en exteriores, aproveitar a luz natural ou a luz dalgunha fogueira que estea incluída na historia. Non os penso coma limitacións, aínda que sei que estes límites moldearon a miña estética. Ademais, como son moi distraída, procuro que haxa a menor cantidade de xente e de cousas no set.

Actualmente existe nos Estados Unidos unha pequena industria de filmes independentes que utiliza os seus modos de produción, mais cuxas obras están cheas de clichés cos que pretenden disimular a súa natureza conservadora e condescendente co sistema. Cal é o seu punto de vista sobre isto? Non me sinto parte da industria, mais si dunha comunidade de realizadoras e realizadores que se apoian mutuamente. Penso, por exemplo en filmes coma *Juno*. Os meus filmes teñen tamén que lidiar cos clichés, mais o que eu penso é que as persoas que dirixen eses filmes están pensando xa en que o seu próximo traballo vai ser máis grande. Hai moitos directores que ensinan cine e que, coma min, non teñen esa ambición, ese obxectivo. En realidade, non me importa o *mainstream*. Eses filmes procuran satisfacer a certo público. Eu son feliz sendo *under* e facendo o tipo de filmes que fago.

1 *Meek's Cutoff* é o nome do western que Reichardt rodou en 2010.